

PRIMEIRO PREMIO Hadrián Félix Neira Varela Instituto Eduardo Pondal de Ponteceso



O monxe guerrilleiro: David contra Goliat

Ano 1809. Os franceses invaden a Costa da Morte. Con eles, morren para sempre o cabazo de corenta e dous pés de Cándoa, a Virxe da Estrela de Corme e Santa Mariña de Valarés. Moitos paisanos asumen con carraxe a ocupación napoleónica, pero outros deciden enfrontarse ao imperio máis poderoso daqueles tempos. Un deles foi o padre Xoán, un monxe cormelán que conseguiu formar un grupo de guerrilleiros, como apoio ás tropas inglesas que viñeran a Galicia a loitar contra os malditos intrusos. Estes patriotas son mari-

ñeiros de Corme e Malpica, labregos e xornaleiros das agras de Tella, Pazos e Cores, artesáns de Buño, pataqueiros de Coristanco, que cultivaban ese ouro procedente de América e que tanta fame quitaba. Con fources, sachos e forquitas... e algunha arma de fogo dalgún fidalgo ou cura fan o pouco que poden.

Ao principio, os homes do padre Xoán son vencidos pola terrible maquinaria bélica francesa, pero pouco a pouco o frade vai formando un grupo máis grande e poderoso. Na última batalla os guerrilleiros enfrontáronse aos inimigos na praia da Ermida. En honor a aquela vito-

ria, os valentes cormeláns encargaron unha cruz de pedra cravada sobre un dragón, que simboliza o mal provocado polos franceses. Agora chámalle a pedra da serpe, pero non é unha serpe, é un dragón, porque dragóns era o nome que recibían algunhas tropas napoleónicas. Un día, o aguerrido monxe desapareceu do Roncudo. Nada se soubo del. Pero unha pedra ten a caprichosa forma dun monxe deitado, coa súa capucha, mirando cara o mar, inmenso como a esperanza e liberdade que el quería para Galicia.

Porque é moito máis poderoso o desexo de liberdade que o desexo de vencer...

GALARDÓN

Entrega de premios, hoxe, ás 12.00 horas. Os premios desta segunda edición do certame Contos de Primavera, organizado por La Voz de Galicia e Radio Voz co patrocinio do Grupo Calvo, entregaránse hoxe mesmo, ás 12.00 horas, no Casino de Carballo, emblemático edificio da vila. Grupo de clarinetes do Conservatorio, dúas pianistas e regueifa animarán o acto.

SEGUNDO PREMIO

Sarai Baldomar Carballo Colexio Manuela Rial Mouzo (Cee)



Veo de noiva

Din que hai moitísimos anos celebraron unha voda no alto do Monte Pindo, preto da cova que hoxe se fai chamar da Xoana, e que por culpa dunha avalancha todos morreron na cerimonia: o noivo, o sacerdote, os invitados, o ilustrador. Todos, agás a noiva, pois o veo era o suficientemente tupido como para salvarlle a vida.

Aínda así desmaiose. E cando espertou e viu a toda a súa familia e ao home que amaba mortos baixo a branca manta asasina, saíu correndo ata chegar ao pé da montaña do Ézaro. Subiu ata o máis alto e lanzouse ao baleiro entre a néboa.

Tras dela, o velo inmortal.

Nunca ninguén atopou nin o seu corpo nin o seu veo, mais desde aquel día naceu unha cascada baixo aquela montaña. É por iso que as cascadas teñen un aquel de veo de noiva, mais esta do Ézaro en especial. Conta Pepe do Fieiro, e conta ben, que produto da ira e da desesperación dunha muller que o perdeu todo, os deuses do Olimpo celta quixeron recuperar aos humanos con semellante ofrenda de amor e conta tamén, entre alento e alento, que as doces queixas da noiva inmortal podemos escoitar entre rumor e rumor dunhas augas que nunca esquecen.

TERCEIRO PREMIO

Lin Fraga Posse Colexio Manuela Rial Mouzo (Cee)



Sobre a campá do templo

(pousada, durmida, unha bolboretta)

Cando morreu meu pai non puidemos facerlle un enterro digno. Aínda así, no xardín da casa, para honralo, pedimos que se gravase o seu poema favorito. Mágoa que non puidese ver como quedou.

En verdade, pasaron moitos anos para despedilo como se merece. Camariñas quedaba moi lonxe. Mais unha vez tiña que ser, e así foi como chegamos ao Cemiterio dos Ingleses. Logo de visitar a zona, postos a pedir non é mal lugar para morrer, malia que as circunstancias que envolven a todo o naufraxio sexan tráxicas. A mesma noite que regresamos ao noso Londres natal, enriba da miña cama volvíu a curiosear o maletín de coiro de meu pai. Dentro, follas e follas e máis follas; como se fosen bolboretas que ante os meus ollos se poñen a voar. Meu pai.

Non puiden deixar a lectura ao longo da noite, en especial as súas cartas desde altamar, e tanto me somerxín que o día seguinte entrou pola ventá como as luces dun faro entran nun barco á deriva.

Por iso cheguei tarde ao colexio. Por iso e porque chorei moito durante o almorzo.

Antes de sentarme a dar aulas, da miña mochila voou un papel ata o primeiro pupitre; naquel, o seu poema favorito. Chocoume un pouco pensar na rara coincidencia, pero acabei gardándoo no peto sen máis.

Tras as clases interminables, polo aire da miña habitación viaxaban as poucas lembranzas, mesturadas coas palabras airosas que brotaban daqueles manuscritos. As palabras, bolboretas construídas polo meu pai, viaxeiras eternas pese ao seu breve voo. As palabras, naufragos durmidos esperando cobrar vida.

Meu pai é unha bolboretta.

Agora coñezoo máis que nunca. E máis que nunca doe a súa ausencia. Mais tamén sei que na miña vida nunca estará morto. Onte, un veo negro envolveu a súa alma de cores. Hoxe, a súa alma de cores envólleme a min.

Meu pai é vida, el é bolboretta e luz.



ILUSTRACIÓN MATALOBOS

CUARTO PREMIO

Jesús Manuel Rey Gómez IES Monte Neme de Carballo



Unha segunda vez

Un regato escorrega entre o monte, mentres oio como unhas gotas caen irremediamente contra a pedra ao compás dos meus axitados pasos. Unha xoaniña bota a voar espantada polo son que emito ao andar. Un sorriso aparece nos meus beizos, e o meu paso faise máis rápido. Esa é a beleza que caracteriza os montes de Carballo, cheos de son e pequenos animalíños.

A este paso non darei rematado o maratón, pero supúño. O meu adestramento non foi máis ca un paseo pola praia de Razo, non como o da maioría desta xente. Nuns poucos momentos, supéranme, e cando lles parece que non alcanzo a oílos, empézanse a rir polo baixiño.

Fago un aceno de molestia e sigo o trote, admirando as paisaxes que se me presentan sen prestar moita atención ao demais. Costa abaixo e de improviso. Os meus pés golpéanse contra unha rocha e, pese ao meu forcexo por non caer, acabo cos focíños no chan. Levántome dorido, mentres unha pinga de sangue emana do meu queixo e vai bater coas miñas pernas. Tócome a ferida coa man, e empeza a queimarme. Míroas, e vexo que a man tamén está ferida.

Entre todo este tumulto, outro rapaz pasa por diante de min, e cun sorriso de suficiencia na cara crúzame a mirada. Non hai palabras, nin xestos. Pero sei perfectamente o reto que está plantexándome. Prosigo o percorrido, cunha aguda dor na perna e o corpo, xunto co orgullo, feridos. Fixo a mirada no meu rival, mentalízome nos meus pasos e na miña respiración e non deixo de correr. A meta está cerca, xa se pode ver a praza do Concello e lévame bastante vantaxe, polo cal teño que ir aínda máis rápido. Empezo a sentir unhas gotas, que non son de suor.

Fíxome na meta, unha cinta branca que xa se traspasou. El xira a cabeza, e cun aceno de superioridade, súbelle unha marcha. Eu tamén o intento, pero empezo a suar de forma excesiva e a vista núbrase. Non aguanto máis coa dor e caio inconsciente. Recupero a conciencia o que puideron ser horas máis tarde, nunha branda cama e cunha branca luz nos ollos. Intento incorporarme, e noto unha agulla na pel, grazas ao cal doume conta de onde estou. Hai unha persoa mirándome, a cal distingo coma o meu momentáneo rival. O enfado faise presente na miña cara, pero el limitáase a darme a man. Dime o seu nome, Emilio, e intenta explicar o que sucedeu. Minutos máis tarde, dáme un agarimoso abrazo e vaise, prometéndome unha segunda vez.



QUINTO PREMIO

Martín Soneira Blanco EFA Fonteboa de Coristanco

Cousas de Muxía

Imos a pique! Gritaba o capitán do Soneira II. Así foi, aos cinco minutos todo o barco estaba afundido. Os tripulantes saíron ilesos do naufraxio e foron rescatados por Salvamento Marítimo e levados ao porto. Alí, as familias esperaban con alegría. Quince días despois do naufraxio, o capitán do Soneira II, Martín, tiña en mente mercar un barco pequeno para coller polbos.

Así foi. Á seguinte semana xa o tiña no porto, o Soneira III. Fora unha inversión moi grande e para conseguir algo de diñeiro, contactou con un traficante moi importante de Muxía. Debería transportar 3.000 quilos de patacas, polo que lles darían 15.000 euros. Non o pensou nin dous segundos, colleu as patacas e marchou levar a mercancía ao porto da Coruña, onde serían distribuídas por toda Galicia.

Pero á metade do camiño decatouse de que o seguía unha patrulla da Garda Civil. Deulle o alto e colleuno *in fraganti*. Levárono preso, a el e ao que lle deu as patacas. Dende ese acontecemento, non se volveu traficar con patacas en Muxía.

CONTOS DE PRIMAVERA

SEXTO PREMIO

Paula Pérez Insua
Colexio Manuela Rial Mouzo (Cee)

Volver a casa



Nunca te das conta do que tes ata que o perdes ou ata que o precisas.

Esta é a historia de Daniel, un mozo de familia pobre pero bondadosa, unha familia dunha aldea galega

da Costa da Morte na que as súas xentes compartían o pouco que tiñan e todos formaban unha gran familia.

Dende pequeno, Daniel era un máis do pobo, coidaba da súa avoa como se fose unha nai, xa que súa nai morrera nun accidente de fábrica. O seu pai traballaba como obreiro e facía arranxos polas casas do pobo. Daniel, dende pequeno, sabía que quería facer unha carreira para axudar á súa familia: quería ser avogado, quería que o seu pai non esnaquizase máis as mans traballando. Quería ser o salvador da súa familia e coidalos como todos o coidaran a el.

Na escola, Daniel era o mellor da clase e sacaba moi boas notas, pero conseguir esas boas cualificacións custáballe moito. Non se podían permitir clases de apoio e tampouco o seu pai lle podía axudar porque traballaba todo o día. Pero Daniel non se deixou vencer, sabía o que quería e loitou para conseguir o seu soño.

Daniel cumpriu os dezasete anos e faltáballe o último curso para ir á universidade. A avoa vía que Daniel non paraba de traballar e que estaba perdendo algunhas das cousas bonitas da vida. Insistíalle ao neto que había que disfrutar das festas, dos amigos, das vacacións... pero a Daniel non lle importaba sacrificarse... «Xa terei tempo de festas»... «O primeiro é sacar a carreira».

Os tempos que lle tocou vivir ao noso protagonista non son os de hoxe en día. Había que sacrificarse moito para poder estudar unha carreira en Santiago de Compostela. Eran os anos finais dos sesenta e principios dos setenta, cando comezaba o despegue económico de Galicia e de España e a xente do campo emigra ás cidades ou ao estranxeiro. Daniel estuda na capital, Santiago. Alí pasa as semanas e aproveita os sábados e domingos para estudar. Só vai á aldea nas vacacións de Nadal e nas do verán; sen decatarse foise facendo un home de cidade. Alí estaban os seus coñecidos e as súas amizades.

Daniel acabou a longa carreira de avogado e pronto comezou a traballar. Toda a súa vida estaba na cidade. Só ía á aldea nos cumpreanos e nas festas. A cidade é o seu mundo: ía ás festas, estaba cos seus amigos, e alí estaba a súa moza. Agora aproveitaba de todo aquilo que antes tivera que deixar polos estudos.

O seu pai chamábao todos os días e preguntáballe cando volvería, pero sempre a mesma resposta:

—Papá, a miña vida está aquí.

Un día recibe a chamada do pai dicíndolle que a avoa estaba moi enferma e que tiña que vir vela... A nova tróuxoo á realidade. Decatouse de que o tempo pasa e a súa segunda nai estaba velliña, de que nos últimos anos se esquecera un pouco dela, de que... Non esperou máis. Foi para alá o máis rápido que puido e ao vela enferma e encamada deuse conta das cousas que se perdera por estar obsesionado en sacar a carreira. Nese intre soubo que debía volver á aldea, porque alí estaba a súa xente, as súas raíces.

SÉTIMO PREMIO

Adrián Castro Fernández
EFA Fonteboa de Coristanco

A historia



Nunha clase de lingua galega, nun colexio preto da Costa da Morte, un día como outro calquera, un luns pola mañá, un neno escribe unha historia sobre a súa terra, a Costa da Morte. Esa historia certa ou falsa deixou sorprendidos a moitos dos rapaces da clase.

A súa historia conta a aventura dun barco dun historiador curioso, xunto coa súa tripulación. Comeza así: era un día de inverno, sería o 13 de novembro de 1345, ata creo que cadrou en venres 13. Pois ese mesmo día, un historiador está interesado en visitar a Costa da Morte, xa que din que habitan sereas que afunden barcos. O historiador mais outros cinco mariñeiros, xunto cun vello que coñece a zona, parten do porto de Malpica. Un total de sete tripulantes a bordo dun barco case imposible de afundir. Xa de camiño se empeza a levantar o vento, avistan unha tormenta moi próxima a eles e aínda así continúan.

Debaixo da tormenta aparece a brétema e o barco empeza a moverse de forma na que dous dos cinco mariñeiros acaban vomitando pola borda e batidos despois nas cubertas susurrando «sereas» e morrendo pouco despois. Xa só quedan cinco tripulantes: o historiador, decidido a seguir coa viaxe; os tres mariñeiros asustados, pero emocionados; e o vello en cambio tranquilo, sabe que vai morrer antes ou despois.

Conforme avanzan aparece máis brétema e o barco segue axitándose. Eles non ven nada e case que mellor (a saber que pode haber). Os homes, un a un, van caendo mortos á auga xusto despois de gritar «sereas», asomándose a ver que pasa. Son agarrados por algo que nunca viran de preto, pero do que si oírán falar.

Xa só queda o historiador e o vello. Chegan a unha praia, atracan o barco, saen do barco e morren. Por que...? Non sei, será polas sereas.

NOVENO PREMIO

Jennifer Lago García
Colexio Manuela Rial Mouzo (Cee)

O bosque profundo



Un bosque profundo, mollado pola choiva da noite; un bosque cheo de terra, árbores, plantas verdes, malas herbas, bichos e algún que outro animal salvaxe. Así era o bosque polo que eu camiñaba. Os meus zapatos estaban mollados e cheos de barro tras pisar algún que outro charco. Os meus calcetíns, húmidos, xa que a auga entrara neles. Por suposto, os extremos do meu pantalón tamén estaban mollados. Aínda que levaba prendas de lá para non acatarrarme, non podía evitar que os calafríos foran dende os pés ata as costas.

De súpeto, sentín uns rúidos estraños. Percateime de que ía presenciar unha pelexa entre un escáncer, un tipo de serpe de tamaño pequeno e cor gris, e un exótico paxaro pequeno e fermoso. Quedei paralizada pola situación, non sabía que facer. Tiña medo e frío. A miña mente non funcionaba coma decote. Mais dei reaccionado para coller a póla dunha árbore. Cando a serpe ía atacar ao paxaro fun quen de atacar ao bicho e clavarlle o pico da póla no seu corpo pequeno. O escáncer empezou a sangrar e nuns segundos formouse un minúsculo charco de sangue no chan, mentres o animal, encaracolado, ofrecía unha eléctrica escena fúnebre, un ritual mortuorio distinto ao tradicional.

Eu sorrín pensando que ao salvarlle a vida a ese pequeno paxaro fixera o correcto. Pero cando os meus ollos se fixaron no paxaro para ver se estaba ben, puíden ver como o paxariño andaba a comer nas crías do animal extinto.

O meu corazón encheuse de carraxe e culpabilidade, así que collín o paxaro e apretuxeino con forza. En nada as plumas da ave fixeran de barca breve no charco no que acabou o seu corpo sen vida.

Baixei do bosque chorando. Só cando prometín coirdar do bosque as bágoas remitiron. A partir de agora, debíame ao bosque profundo.



OITAVO PREMIO

Alejandro Varela Dovale
EFA Fonteboa de Coristanco

Ei, Carballeira!



A Carballeira é unha parroquia dun concello da Costa da Morte cun longo pasado oleiro, pero dende varias xeracións a artesanía de barro perdía importancia. Os vellos miraban o pasado con resignación e nostalgia e os mozos con indiferenza, pois descoñecían a historia do seu pobo e marchaban en canto podían. Os anciáns de A Carballeira todos os días falaban do mesmo asunto, xa que estaban moi preocupados: aquel pobo no que eles naceran, traballaran e coidaran ía desaparecer, e as súas casas quedar cubertas polas silvas, como xa algunha outra.

Cando menos o esperaban, chegou á parroquia un matrimonio, Anxo e Marga, xunto cos seus dous fillos, Xosé e Fiz, que eran netos e bisnetos da familia máis poderosa da Carballeira, pero que se tiveran que mudar á cidade por temas de traballo. Cando chegaron e baixaron do coche, os maiores que vivían ó redor daquela grande e magnífica casa, xa algo en ruínas, saíron das súas vivendas abraídos e preguntáronlle que facían alí, xa que non volveran dende que eran rapaces. Entón, foi cando a parella lles explicou que tiñan a idea de desenvolver un gran proxecto, pero que necesitarían da súa axuda: converter o cabanote da súa casa nunha olería. Comezaron a facer tan só cuncas e pratos, pero cando xa lle viron saída, decidiron elaborar cazolas, porróns, falsetes e obxectos decorativos.

A este pobo, atraídos pola fama das súas bonitas pezas de barro, chegaron Lois e Carmela, amigos de Anxo e Marga, que viñeron co obxectivo de transformar a casa dos seus avós nunha cestería. A xente maior estaba moi contenta, xa que pasaron de ser doce habitantes a ser uns trinta, porque viñera xente da cidade para poñer unha taberna, outros un albergue e outros para ser empregados dos talleres.

Os pobos sempre terán futuro se entre todos axudamos a manter con vida as súas raíces, comentaban os vellos na taberna ao tempo que xogaban unha partida. Contaban historias e botaban unhas risas.

DÉCIMO PREMIO

Daniel Varela Munín
EFA Fonteboa (Coristanco)

A vida na Costa da Morte



Son un neno galego que vive nunha aldea da Costa da Morte, a cal comeza na Punta do Roncudo e remata no cabo Fisterra, punto de encontro de moitos peregrinos e turistas. É un sitio ao que todo o mundo lle gusta visitar pola súa boa e saborosa comida e polas súas fermosas e bravas praias, que cada ano comen a centos de persoas por mor dos afundimentos de moitos barcos, e polas súas festas tradicionais. Na miña familia sempre se seguen unhas tradicións, e unha delas é a de ir comer todos os domingos á casa dos meus avós, pasando moito tempo en inverno a carón da lareira, lareiras que pouco a pouco van desaparecendo e quedando no esquecemento.

Mentres que os rachóns van ardendo sempre saen os contos, tradicións e costumes que van contando os meus avós e que me gusta moito oír, xa que non me imaxino vivir nos tempos de antes con tantas penurias. Unha das historias que máis me impactou foi a dura e arrastrada vida que pasou miña bisavoa materna, a cal comezou a traballar dende moi pequerrecha en distintas tarefas. Un deses traballos foi na mina de Fontefría, no monte de Cures, preto de Vimianzo. Naqueles tempos, unha empresa asturiana, pertencente á familia Fierro, explotou a mina, unha das poucas que había na Costa da Morte, e grazas a ela puíden vivir moitas familias. Nesta mina extraían volframio ou estaño. Esta empresa, o primeiro que fixo foi construír casetas moi diversas: unha para que os picadores ou ferreiros puideran afiar os picos, outra para o proceso de lavado do mineral, outra para a selección e cribado, e outra que facía de vivenda dos encargados e na que tamén comían os traballadores. A extracción do mineral realizábase se-

gundo uns filóns que ían picando e que arrancaban en pequenas porcións. Sempre ían acompañados de candís de carburo. O mineral que extraían depositábano en vagonetas que transportaban á sala de lavado, para despois seleccionar o de mellor calidade. Conta a miña avoa que a súa nai sempre lle dicía que cando podían e tiñan ocasión, algún dos traballadores roubaban o mineral e traíano gardado dentro dos zocos para que os gardas non llo viran, e logo vendíano obtendo un ingreso extra. Contan que aínda están alí os tres pozos moi profundos que fixeron para a extracción do mineral, e que a día de hoxe seguen sen estar tapados, dicíndose que anos atrás caeu unha vaca e nunca máis se soubo dela pola incalculable profundidade dos mesmos.

Existe unha lenda que di que preto de alí o lobo comera a dous traballadores que ían para a mina, e como símbolo de recordo puxeran unha cruz, pois as cruces antigamente simbolizaban a morte de alguén nese sitio. Nos anos posteriores á guerra civil, a mina non foi rendible e moitos dos homes que alí traballaban tiveron que emigrar a países coma Arxentina ou Venezuela, pero no caso de miña bisavoa tivo que buscar a vida aquí e cambiar de oficio, cargando caixas de mortos ao lombo, ou outros que naquela época estaban destinados aos homes, como retellar as casas.

